

INSTRUCCIÓN PARA O USO DA APLICACIÓN PARA A XESTIÓN DO ACCESO AO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (NERTA)




1. Unha vez que esteades prematriculados no centro nas probas ABAU, **chegaravos un correo electrónico** onde figurará a vosa conta de correo, que teredes que activar para recibir información das probas e acceder á aplicación NERTA.


2. A vosa conta de correo terá o formato ueXXXX@edu.xunta.gal. Para activala hai que acceder á aplicación <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>. Nesta aplicación debes introducir o **endereço de correo que vos asignan e o código que se vos enviou**. Tedes que premer no lado superior esquerdo en “Conta” e despois en “Activar”:




3. Logo aparece outra ventá onde se vos pregunta polo uso da conta e debes marcar “Outros fins” e premer “Continuar”:





4. A continuación pediravos o **DNI** e despois será cando teredes que introducir o **código** que vos chegou ao correo. Despois de introducir o código, **teredes que establecer un contrasinal propio**, que deberá cumprir unhas características de seguridade. Pedirásevos confirmación introducíndoo dúas veces.

Contrasinal * 

(0/30)  Ver

Repita o contrasinal *

(0/30)  Ver

4. Agora xa temos o noso contrasinal e podemos acceder a NERTA a través do enderezo <https://www.edu.xunta.es/nerta/>. Na páxina de inicio hai que premer na parte superior dereita da pantalla na icona .

5. No menú da aplicación, á esquerda, aparecen distintas opcións.



Na opción **Alumnado**, podes acceder aos teus datos persoais e modificalos se é preciso.

En **Proba de acceso** poderás ver *as túas cualificacións* na ABAU en canto estean publicados. Tamén podes consultar os datos da matrícula na proba e, mesmo, cambiar a matrícula das materias da parte voluntaria por outras.

Unha funcionalidade moi importante neste apartado é a de *xerar as reclamacións* nas materias en que non esteas conforme coa túa cualificación. Para isto debes premer no botón “Engadir”, seleccionando logo a materia á que vas reclamar. Logo debes premer no botón “Gravar”.

Na propia axuda da aplicación podedes atopar unhas instrucións detalladas. Para consualtalas podedes premer neste [enlace](#).